

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, O CABIDO DO CONXUNTO CATEDRALICIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DE OBRAS DE RESTAURACIÓN DA CAPELA DA COMUÑÓN DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2022.

REUNIDOS

Dunha parte,

Román Rodríguez González, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra,

José Fernández Lago, con número de DNI 35.390.249B, na súa condición de Deán da Catedral de Santiago nomeado por decreto do Arcebispo de Santiago de Compostela de 27 de febreiro de 2021.

E doutra,

Daniel Carlos Lorenzo Santos, co número de DNI 33.262.341V e enderezo a efectos de notificacións na Rúa do Vilar nº 1, 1º dereita de Santiago de Compostela, na súa calidade de Director Xeral da Fundación Catedral de Santiago de Compostela, segundo o nomeamento efectuado polo Padroado da Fundación na xuntanza de data do 15 de abril de 2011 e a ampliación de facultades outorgada mediante acordo do Padroado adoptado en xuntanza de data 16 de maio de 2011.

Todas as partes teñen capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

EXPOÑEN

I. Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a quen lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción da cultura e dos aspectos vinculados á protección, conservación, difusión, fomento e recuperación do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago, así como a elaboración dos anteproxectos normativos que lles afecten.

II. Que a Santa Apostólica y Metropolitana Igrexa Catedral de Santiago de Compostela (en adiante S.A.M.I.), aquí representada polo Cabido Catedralicio, é un singular monumento, que posúe valores históricos, artísticos e culturais de alto interese que a converten nun fito único no marco do patrimonio cultural europeo e que viu recoñecida a súa importancia e valía ao formar parte singular de dous bens incorporados á lista do Patrimonio Mundial pola UNESCO: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, da que constitúe o seu principal monumento e o Camiño de Santiago, do que é meta e obxectivo final da peregrinación.

III. Que a Fundación Catedral de Santiago é unha fundación de carácter privado constituída o 23 de xullo de 2008 e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 2008/17, que conta entre os seus fins coa promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, do seu ámbito e do seu patrimonio artístico e cultural; así como a xestión e explotación, para os efectos da súa posta en valor, das infraestruturas da Catedral compostelá, do seu ámbito e do seu patrimonio artístico e cultural.

Que lle corresponde á FUNDACIÓN CATEDRAL, en virtude da encomenda de data 5 de setembro de 2015 realizada polo Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago, a execución das actuacións que se contemplan no Plan Director do Conxunto Catedralicio aprobado por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 9 de marzo de 2009, incluíndose a xestión e contratación de todas as obras que se realicen consonte o mesmo.



IV. Que o Camiño de Santiago constitúe dende o punto de vista cultural, un dos elementos máis destacados do patrimonio español, europeo e mundial, que encontra a súa fundamentación histórica na tradición que sitúa ao final deste camiño a tumba do Apóstolo Santiago no edículo que deu orixe ao nacemento da Catedral compostelá. Interese e valor cultural que transcende o meramente relixioso, pois fundamenta e axuda a construír o concepto cultural europeo, xa que durante séculos foi un eixe fundamental de comunicación e integración entre os países do norte e centro de Europa e o noroeste da Península Ibérica, converténdose nun espazo de intercambio cultural e no primeiro itinerario cultural europeo.

V. Que o Camiño de Santiago, na súa ruta coñecida como Camiño Francés, foi declarado ben de interese cultural polo Decreto 2224/1962, do 5 de setembro. Que ten esa mesma consideración o Camiño do Norte, coas súas dúas trazas coñecidas como ruta da costa e ruta do interior, denominada esta última como Camiño Primitivo ou de Oviedo. Rutas de peregrinación a Santiago de Compostela que foron incluídas pola UNESCO na Lista do Patrimonio Mundial.

O Camiño Francés e o Camiño do Norte, coas súas diferentes rutas, forman xunto co resto das principais rutas recoñecidas como son: o Camiño Inglés, o Camiño de Fisterra e Muxía, o Camiño Portugués, interior e da costa, a Vía da Prata ou Camiño Mozárabe e o Camiño de Inverno, todas elas consideradas bens culturais integrantes do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia forman o conxunto dos Camiños de Santiago, territorio histórico que caracteriza e soporta o manifestación cultural e relixiosa da peregrinación a Santiago de Compostela e o fenómeno cultural Xacobeo.

VI. Que sobre o Camiño de Santiago e baseada na tradición da peregrinación a Compostela aséntase a tradición xacobeana expresión e manifestación cultural de primeiro orde e senlleiro valor e recoñecemento que atopa a súa máxima expresión e pulo coa celebración dos Anos Santos Composteláns que aínda que seguen unha periodicidade anual determinada pola coincidencia en domingo do día 25 de xullo, festividade do Apóstolo Santiago o Maior, este ano 2022 continúa a ser Ano Santo por decisión e proclamación da súa Santidade o Papa Francisco, atendendo ás excepcionais circunstancias provocadas pola pandemia da Covid-19.

VII. Que a Catedral de Santiago de Compostela é un senlleiro monumento do patrimonio cultural de Galicia, cumio da arte e arquitectura románica, que representa e materializa a meta e o destino final dos camiños de Santiago e polo tanto de centos de miles de peregrinos que, co desexo de chegar a ela, percorren as rotas de peregrinación xacobeas que desde calquera parte do mundo rematan en Compostela, nas portas da



súa catedral. Características que fan da mesma un elemento único non so do patrimonio cultural galego senón do patrimonio universal.

VIII. Que a Catedral de Santiago de Compostela foi declarada monumento histórico pola Lei do 22 de agosto de 1896 e que na actualidade ten a a consideración de ben de interese cultural conforme a disposición adicional primeira da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español e a disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Ademais o BIC Catedral de Santiago forma parte principal e destacada de dous bens incluídos na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO: a cidade vella de Santiago de Compostela e o Camiño Francés a Santiago de Compostela, recentemente ampliado polas dúas rutas do camiño do Norte recoñecidas pola UNESCO a ruta da costa e a do interior ou Camiño de Oviedo.

IX. Que a Catedral de Santiago de Compostela conta dende o ano 2009 cun Plan Director do Conxunto Catedralicio aprobado por resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 9 de marzo de 2009. Este documento prevé e desenvolve un programa de actuacións dirixidas á conservación, restauración e posta en valor do conxunto catedralicio.

Que o Plan Director do Conxunto Catedralicio inclúe un plan de actuacións programadas e un listado de estudos complementarios que é necesario desenvolver e executar para garantir a correcta e necesaria conservación das fábricas do monumento, a funcionalidade e significación dos seus espazos, os usos cultuais e culturais que alberga e a súa posta en valor para garantir a súa axeitada preservación e transmisión ás xeracións vindeiras. As actuacións propostas no devandito Plan Director clasificábanse como actuacións prioritarias, secundarias e de remate.

Dende o ano 2009, o Cabido Catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago, a Xunta de Galicia, a Administración Xeral do Estado e o Consorcio de Santiago veñen promovendo e desenvolvendo un programa dirixido á atender e realizar as actuacións máis necesarias e urxentes de aquelas que se prevían no documento do Plan Director, tendo alcanzado neste momento un alto grado de execución que alcanza principalmente ás nave maior e do cruceiro e á cabeceira da catedral, así como ás súas fachadas occidental, oriental e norte. Tamén xa foron restauradas as cubertas das pandas norte e leste do edificio claustral e as súas fachadas sur e leste.

Este alto grado de desenvolvemento dos traballos de conservación e restauración do conxunto catedralicio, a pesar dos importantes investimentos realizados, non ten alcanzado á totalidade de paramentos, ámbitos e capelas do conxunto catedralicio.

X. Que entre aqueles que precisan dunha intervención de conservación axeitada, conforme a previsión do Plan Director, atópase a capela da Comuñón, situada acaroadada á fachada norte da nave maior, ocupando o espazo que separa a catedral do pazo episcopal.

Nesta capela, recoñecible de forma singular, xa se ten actuado nas campañas anteriormente realizadas corrixindo aqueles efectos e axentes de deterioro máis graves, principalmente actuouse na renovación na restauración e conservación dos sistemas construtivos máis afectados e con maior contacto coa nave maior catedralicia.

XI. Que é necesario continuar co programa de restauración do conxunto catedralicio e desta capela actuando agora sobre os paramentos exteriores da capela da Comuñón, para rematar a intervención neste ámbito, que sen chegar a completar a recuperación integral deste elemento permiten avanzar para conseguir este obxectivo.

Na actualidade a Fundación Catedral de Santiago ten rematada ou moi avanzada a redacción dos proxectos de conservación e restauración necesarios para a debida conservación e reparación dos paramentos e os sistemas construtivos que presentan un estado de conservación máis deficiente e aqueles que como consecuencia do seu deterioro é recomendable unha pronta actuación.

En virtude do exposto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Cabido Catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago, teñen a vontade de establecer o marco da colaboración precisa para a xestión e execución das obras de conservación e restauración sinaladas e derivadas do Plan Director do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela que se sinalan neste instrumento, polo que, considerando a sintonía de obxectivos, conveñen asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: obxecto e finalidade do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a S.A.M.I. Catedral de

Santiago de Compostela, representada polo Cabido catedralicio e a Fundación Catedral de Santiago, para o financiamento das actuacións de conservación e restauración de paramentos e outros sistemas construtivos no seguinte ámbito da Catedral de Santiago:

Capela da Comuñón: Restauración dos paramentos exteriores para finalizar a restauración do exterior da capela.

Para o desenvolvemento desta actuación non é posible promover a concorrència pública, xa que as obras previstas, van evitar que continúen deteriorándose a Catedral de Santiago de Compostela, un ben senlleiro e único do patrimonio cultural de Galicia, e avanzar no obxectivo de completar o desenvolvemento da planificación de obras necesarias recollidas no seu Plan Director e polo tanto impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego.

Por outra banda, esta intervención está incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro das medidas Conservación das catedrais galegas e conservación e posta en valor dos Camiños de Santiago, do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego.

O convenio ten por finalidade xeral garantir a adecuada conservación do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela co fin de manter e promover a súa funcionalidade e significación relixiosa e cultural e poñer en valor, impulsar e acrecentar a súa función cultural e manter e desenvolver, de forma sostible, os recursos e potencialidades que posúen os valores culturais do monumento, especialmente este ano 2022 no que foron excepcionalmente prorrogados os beneficios relixiosos do xubileo pola Santa Sede debido ás circunstancias especiais da pandemia da Covid-19. Prórroga do Ano Santo compostelán que permitiu prorrogar tamén a programación Xacobeo e o desenvolvemento das accións sociais, culturais e turísticas en torno a este fenómeno relixioso e cultural.

O beneficiario final da subvención é a S.A.M.I. Catedral de Santiago, representada pola Fundación Catedral de Santiago. A Fundación Catedral de Santiago actúa no presente convenio como entidade colaboradora aos efectos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, encargándose das labores de colaboración na xestión das actuacións nos termos previstos no presente convenio e asumindo expresamente as obrigas sinaladas no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para as ditas entidades colaboradoras.



Porén tamén o é, indirectamente, o patrimonio cultural común das galegas e dos galegos e por extensión de toda a Humanidade ao atender directamente as necesidades de conservación dun monumento que forma parte senlleira do patrimonio galego, por suposto, mais tamén do patrimonio mundial.

Segunda: achega económica.

A actuación a desenvolver ao abeiro do presente convenio será a derivada do seguinte proxecto de conservación:

Capela da Comuñón: Restauración dos paramentos exteriores para completar a restauración do exterior da capela. Finalización da restauración exterior.

Importe estimado: 60.000,00 €

O importe da subvención máxima para a execución destas intervencións é de 60.000,00 euros que será financiada con cargo á **aplicación 10.41.433A.781.1, código de proxecto 2015 00349** dos Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022.

Este importe máximo da subvención inclúe o custo do presuposto de contrata das obras calculado a partir do presuposto de execución material das mesmas, incrementado polos seguintes coeficientes de gastos considerados como máximos: 13% de gastos xerais e 6% de beneficio industrial e o 21% correspondente ao IVE segundo o tipo impositivo vixente e a previsión dun posible incremento pola liquidación das obras realmente executadas como resultado da súa medición final, sempre que non supere o 10% do prezo de adxudicación das mesmas. En calquera caso, a achega máxima da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, será de 60.000,00 €, sendo a cargo do beneficiario calquera importe que supere a cantidade citada.

En todo caso considéranse gastos subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia, que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.



Terceira: obrigas do beneficiario.

A S.A.M.I. Catedral de Santiago, beneficiaria deste convenio queda obrigada ademais a:

Contratar as empresas especializadas e os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de subvencións concedidas polo sector público e nomeadamente coa lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.

Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e ao resto das administracións competentes, os informes, as autorizacións e licenzas preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.

O beneficiario consinte expresamente na inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.

En todo o material gráfico e divulgativo que se realice da actuación, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia e do resto das partes, como entidades colaboradoras e en especial no cartel no que se dea información das obras.

Contratar e promover a execución das obras conforme ao proxecto de intervención redactado con este obxecto, que deberá contar coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e conforme ás determinacións e cautelas a prol da salvagarda do patrimonio cultural que conteña a Resolución pola que se autorizan as obras.

Xustificar, en tempo e forma, de acordo coa forma indicada no convenio, os gastos realizados ao abeiro do mesmo.

Enviar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, unha vez finalizada a intervención, a memoria final na que se documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en todas e cada unha das fases do proceso e para todas as disciplinas aplicadas, conforme determina o artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

A Fundación Catedral de Santiago deberá comunicar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a data de inicio e a de recepción das obras, para que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poida comprobar a adecuada xustificación da subvención para o efecto do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Como beneficiaria final das obras a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, representada polo Cabido Catedralicio, deberá realizar un acto expreso de aceptación das mesmas que se formalizará mediante a sinatura dunha acta de aceptación da súa entrega, tendo en conta as condicións de execución das obras, así como o seu destino final aos usos culturais e de culto previstos no presente convenio. As actuacións necesarias para o cumprimento deste requisito correrán a cargo da Fundación Catedral, incluíndo a xustificación formal do emprego dos fondos de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta: comisión paritaria de seguimento.

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e dous membros da Fundación Catedral de Santiago. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: xustificación dos investimentos.

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia, que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio. Consideraranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada dende o 1 de xaneiro do 2022 ata a data límite de vixencia do convenio.

Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

Para a percepción das axudas concedidas será necesario presentar ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da documentación que a seguir se relaciona.

Documentación que ten que presentar o beneficiario:



Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria, que conterá:

Unha certificación de obra asinada pola dirección facultativa das obras e a empresa adxudicataria, na que figure a conformidade da entidade beneficiaria, e no seu caso unha relación clasificada de gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como anexo I.

Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, teña solicitado o beneficiario.

As facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento, por medios bancarios, das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán xuntar unha relación delas.

Declaración responsable expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria, comprensiva das axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade que a concede, a data e o importe total concedido, segundo o modelo que se xunta como anexo II.

Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (anexo III).

Declaración responsable do órgano competente da entidade beneficiaria, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (anexo IV).

O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa será ata o 30 de novembro de 2022.

Pagamento da subvención: realizarase logo de comprobar a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.



A Fundación Catedral de Santiago deberá presentar igualmente cando remate a totalidade da obra, a documentación xustificativa da realización da totalidade da obra. O pago do importe total da contía prevista non será considerado pago a conta.

Sexta: Facultades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades non asume máis obriga que a de transferir as cantidades previstas na cláusula segunda do presente convenio.

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Sétima: Período de vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2022.

Previo informe favorable da Comisión de Seguimento poderán propoñerse e solicitarse prórrogas do período de vixencia deste convenio debéndose tramitar a oportuna adenda ao mesmo.

Admitiranse xustificacións de pagos realizados desde o 1 de xaneiro de 2022.

Poderanse presentar xustificacións de pagos realizados ao longo do ano.

Oitava: Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14,2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen



personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena: Outras obrigas do beneficiario.

A Fundación Catedral de Santiago queda obrigada a:

- a) Non alterar o destino da achega.
- b) Realizar a correspondente execución segundo os documentos técnicos do **proxecto de intervención na Capela da Comunión**, autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e as condicións que poidan figurar na devandita autorización.
- c) Admitir as inspeccións e os controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- d) Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- e) Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.
- f) O beneficiario deberá dar cumprimento aos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Décima: Subcontratación e reintegro.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar a totalidade, e dicir, o 100% da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.



Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira: Réxime xurídico.

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda: Publicidade do convenio.

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos

creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicarse á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo terceira: Rescisión do acordo.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.



E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por cuadruplicado no lugar e na data expresados.

Pola Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

Pola Fundación Catedral de Santiago

Román Rodríguez González

Daniel Carlos Lorenzo Santos

Polo Cabido Catedralicio

José Fernández Lago

ANEXO I

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS

D/Dna _____
_____ con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____
_____, con CIF _____

DECLARA

Que os gastos que de seguido se relacionan, teñen relación directa co convenio de colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para



Acredor	Nº fra.	Data fra.	Importe	Data pago
Suma dos investimentos				

Lugar e data

Sinatura

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dona _____
_____ con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:



Que para a seguinte actuación _____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

Table with 4 columns: Organismos, Ano, Importe (€), Disposición reguladora

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

Table with 4 columns: Organismos, Ano, Importe (€), Disposición reguladora

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

_____, ____, de _____ de 2022.

ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dna _____, con DNI _____, en nome e representación da entidade _____, con CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:



Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

IBAN (2 díxitos)

Entidade: (4 díxitos)

Sucursal: (4 díxitos)

Díxito de control: (2 díxitos)

Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)

ANEXO IV

Don/Dña _____, con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)